

Moi boas rapaces e rapazas!

Hoxe imos a traballar en Ciencias Sociais sobre a importancia de vivir en sociedade respectando as normas, cousa fundamental estes días.

1. Xa sabedes que as normas de convivencia, como as que temos no cole ou as que nos poñen as nosas familias na casa, son moi importantes para que non haxa problemas e, dese modo, coñecer as nosas obrigas (cousas que debemos facer e non debemos facer).

Como as normas son tan importantes, e por iso estes días estamos todos na casa, gustaríame que escribísedes unha serie de normas “tolas” para a escola, que recollan aquelas cousas que vos gustaría poder facer ou que se poderían facer nun mundo totalmente diferente ao noso.

2. Seguindo coas normas, seguro que sabedes o que son as sinais de tráfico. Gustaríame que intentásedes recordar, se fai falta podedes pedir axuda en casa ou buscar en internet, algunha que vexades, por exemplo, de camiño ao cole. Debúxaas na túa libreta e explica que indican. Cres que son importantes as sinais de tráfico? Que pasaría se non existisen?

Se che apetece, tamén podes inventar algunha sinal que che gustaría que existise. Debúxaa tamén.

3. Por último, gustaríame que reflexionases sobre como debemos coidar a nosa cidade ou o noso barrio. Que cousas fas ti para coidala? Intenta facer un debuxo da túa rúa e demostra se está limpa e coidada grazas a bos cidadáns coma ti.

Por esta semana nada máis! Xa queda pouquiño para que volvamos a vernos!